

PROGRAMA PIALE 2019 CANADÁ: NICASIO GRADAILLE

O programa PIALE (Programa Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeira), da Xunta de Galicia, ofrece a profesores que imparten seccións bilingües (ou futuros profesores de seccións bilingües) varios posibles itinerarios de formación. Este, ao que asistín eu, consistiu nunha estancia de 4 semanas en Canadá precedidas dunha semana preparatoria no CFR.

Se ben o principal obxectivo deste programa é mellorar as competencias lingüísticas do profesorado, a inmersión cultural e educativa no país de acollida, Canadá, fan desta modalidade de formación unha experiencia integral de inmenso valor.

Con este pequeno *blog* quero axudar a difundir este programa de formación para profesores, e á vez expoñer as miñas vivencias por se puideran servir de guía para futuros participantes nel.

Primeira Semana

Consistiu nun curso preparatorio no CFR de Vigo. Curso no que se traballaron competencias lingüísticas e aspectos sociais e culturais de Canadá. Foron cursos de 9 a 14 horas, de luns a venres. Os profesores Glenn e Fiona, con moita experiencia como profesores de inglés, favoreceron a interacción entre os participantes, o que axudou moito a ter sensación de grupo. Os 13 profesores que estabamos neste curso íamos viaxar xuntos a un país para moitos de nós descoñecido. Puidemos compartir preocupacións sobre a viaxe; compartir inquedanzas sobre educación; sobre as nosas habilidades ou dificultades para falar inglés; e empezamos a coñecer aspectos básicos sobre Canadá. Sen esquecer o máis importante: mellorar o noso inglés.



Preparativos antes da viaxe a Canadá

A empresa contratada pola Xunta para organizar a viaxe (Red Leaf), ofreceunos unha charla informativa sobre os preparativos, os voos e o seguro médico que nos ofrecían. Tamén enviaron un plan de actividades a realizar en Canadá, así como información das familias e centros de ensino asignados.

En xeral, antes de partir a Candá convén pensar nalgunhas cousas importantes.

- Levar Dólares canadenses dende España ou usar so tarxeta?

Eu decidín coller os dólares en Vigo e viaxar con diñeiro en metálico. Ao final resultou ser unha boa opción. As miñas tarxetas españolas cobrábanme comisións de entre 2 e 3 % por xestión de compra máis xestión de cambio de divisa. Se se fan todos os gastos así, págase moito de comisións. Convén informarse no banco e buscar a mellor opción.

Houbo colegas que levaron so tarxetas (algunhas non tiñan ningunha comisión) e nalgún momento puntual tiveron que pedir prestado *cash*.

En todo caso, hai que levar a lo menos unha tarxeta de crédito pois hai trámites (en hoteis ou aluguer de bicicletas ou coches) que so se poden facer con tarxeta.

-Tarxeta SIM de datos de internet

En Canadá non funciona o servizo de *roaming* de compañías españolas. O certo é que hai *wifi* en todos os lugares públicos. Eu non levei tarxeta de datos e intentei “sobrevivir” usando so *wifi*. Finalmente tiveron que comprar unha tarxeta prepago. Ter acceso a internet foi fundamental. As distancias alí son moi grandes e o servizo de transporte público utilízase moito. Convén poder consultar o Google Maps a calquera hora e en calquera lugar! E tamén poder comunicarse coas familias en todo momento. Houbo compañeiros que compraron unha tarxeta SIM en España (en Amazon, a meirande parte deles) e a levaban consigo. Outros (moi poucos) puideron estar toda a estancia so con *wifi*.

-Carné de conducir internacional

Nestas 4 semanas en Canadá tivemos dous fins de semana libres. E se se ten a intención de visitar pobos ou cidades veciñas a Ottawa, a forma máis económica resulta o aluguer de coche. E para iso piden nalgún sitios o carné internacional. Se pode sacar en calquera oficina de tráfico con cita previa. Costa 10 euros e é un trámite inmediato.

-Roupa


Parece que este ano houbo moita diferenza de temperatura entre as que soportaron os do segundo grupo (novembro-décembro) e as do primeiro (outubro-novembro). Outubro foi frío pero con neve so na última semana. Sen facer calor tivemos días moi soleados e collemos o outono no seu esplendor. A mediados de novembro empezaron as nevadas e as temperaturas baixaron moito (máximas de -2!). O consello é levar roupa térmica e usar moitas capas. Gorro, luvas, botas, bufanda e unha boa parka!

Segunda semana (primeira semana en Canadá)

Sáímos o luns 14 de outubro en voo de Air Canadá dende Oporto a Toronto. Un autobús trasladounos dende A Coruña, Santiago e Vigo á cidade portuguesa. Logo dun voo de 8 horas chegamos a Toronto, onde collemos un segundo voo a Ottawa, de tan so unha hora de duración. Ao chegar a Ottawa, as familias que nos ían aloxar estaban agardando por nós.



Os dous día seguintes tivemos formación no Departamento de Educación de Ottawa-Carlton con presentacións de dous profesores responsables canadenses deste programa: Kari e Constantin. Son encantadores!



Fomos moi ben recibidos e introducidos no sistema educativo local, con explicacións do funcionamento escolar en Canadá. Tamén ofrecéusenos asesoramento sobre como moverse pola cidade, como acudir aos colexios asignados, a quen presentarse neles, o funcionamento dos mesmos e cal sería a nosa labor.



O segundo, día despois de rematar a formación, fixéronnos unha visita guiada pola cidade en autobús. Ottawa é unha cidade moi agradable para pasear polo centro, onde están os edificios máis altos. O río Ottawa serve de fronteira entre as provincias de Ontario (anglófona, onde está Ottawa) e a veciña provincia de Quebec (francófona).




A sensación é de moita seguridade. A xente é moi amable e paciente. Tivemos a sorte de chegar na época da que alí chamaban “rapsodia de outono”. As árbores, a meirande parte arces (maple trees), estaban coas follas amarelas, vermellas e todas as tonalidades imaxinables do outono.



O xoves desta primeira semana incorporámonos aos colexios. Eu estiven no Canterbury High School, centro de ensino secundario con programa en artes: música, danza, teatro e literatura.



No programa de Música, o CHS oferta tres itinerarios: corda, vento e voz. Puiden asistir a clases dos tres itinerarios. En todos eles as clases de teoría eran impartidas principalmente por Damian McLaughlin



Todas as clase de teoría eran impartidas con uso de tablets (chromebooks, chamábanlles). O cal era moi útil pois cando tiñan que compoñer melodías o completar cadencias, a medida que escribían podían escoitar ao mesmo tempo como soaba o escrito. Ademais, era común a todos os profesores o uso de arquivos compartidos “na nube” a través do programa Google Classroom. Así mesmo, dispoñían de aulas con teclado, aulas de ensaio, auditorio, equipos de gravación, de amplificación e todo tipo de tecnoloxías.

As clases eran de 75 minutos. Empezaban ás 9:10 e remataban ás 15:10, cunha pausa de 40 minutos para o *lunch*. Todos os profesores aos que puiden visitar no tempo lectivo, repartían os 75 minutos en dúas ou tres actividades distintas para dinamizar as clases. Estas eran de grupos de entre 15 a 20 alumnos. Para entrar neste instituto hai proba de acceso e quedan moita xente sen poder acceder. É imprescindible saber tocar un instrumento para entrar ou ter experiencia en canto coral. Comparten as materias de música coas materias comúns doutros tipos de ensino secundario (ESO e bacharelato forman parte en Canadá dos estudos secundarios, e se chaman Grados 7-12) como poden ser matemáticas, economía, etc.

Só un 25 % dos alumnos do programa de música seguen con estudos musicais de ensino superior.

Terceira e cuarta semana

Nestas dúas semanas fun sentíndome, cada vez máis, parte do profesorado e puiden participar máis activamente nas clases. A Damian, o profesor de teoría, axudábo moitas veces a corrixir os exercicios de harmonía nas clases. Iso era algo común: os deberes facíanos na escola. Os profesores mantiñan que era moi importante controlar a realización das tarefas para estaren seguros de que os estudantes facían o correcto. Ademais de harmonía, nas clases de teoría traballaban historia da música e audicións comentadas. Tiñan un acordo coa orquestra sinfónica de Canadá, e estaban preparando un concerto ao que ían asistir no Centro Nacional de Artes, estudando o contexto, a instrumentación, as tonalidades, os xéneros musicais...

Para un profesor de piano, foi especial ver no National Arts Center de Ottawa o piano preferido de Glenn Gould (era canadense, natural de Montreal), co que gravou a primeira das versións das Variacións Goldberg.

Así como una escultura en ferro de Oscar Peterson, o gran pianista de jazz, tamén natural de Montreal.




Asistín ás clases de coro, nas que James Caswell ensaiaba por voces e nese momento do ano estaban montando repertorio de cuartetos vocais (Barbershop music). O nivel vocal da clase pareceume moi bo.

Tamén asistín ás clases de cámara de Jason Sinkus, que era un especialista en percusión latina. Nun par de clases puxo a tocar as congas e outra percusión de pequeno formato a todos os alumnos dunha clase, que foron quen de tocar un *tumbao* con gran solvencia. Noutras clases de cámara puiden escoitar tanto arranxos de música pop (Queen), jazz (Joplin) como clásica (Schubert). Había un trío de saxofóns que non tiñan pianista e que ensaiaban con cd. Ofrecínme a acompañalos e estiveron encantados.

Nos descansos do *lunch* e noutros momentos libres, tiveron charlas moi interesantes sobre como ensinar música e intercambiamos experiencias. Unha das cousas que máis me chamou a atención foi, quizais, o tempo que lle dedicaban ao principio de cada clase a explicar o que se ía traballar nela, a temporalización e como estaba relacionado co exame final do trimestre (cal era o peso específico para a nota final). Tamén chamou a miña atención o feito de que sempre tiñan tempo a atender as dúbidas individuais dos estudantes. Para os profesores era imprescindible asegurarse de que todos os alumnos entendían o que tiñan que facer e que o facían correctamente. A cantidade de contidos non era moi importante. O que importaba era que foran claros e que todos os alumnos os puideran entender. Non había apenas suspensos eran casos moi excepcionais aqueles que debía repetir curso.

Tamén tiven a sorte de que coincidiu a celebración de Halloween, na que participaron profesores e alumnos.



Se ben as clases ás que asistín non se correspondían exactamente co que eu fago no meu conservatorio (son profesor de piano), esta experiencia resultoume amplamente satisfactoria, pois fun testigo directo de estratexias e actitudes extrapolables ao meu campo.



Tempo de lecer

En Ottawa tivemos varias actividades lúdicas organizadas pola empresa encargada da nosa estancia en Canadá: xogo de bolos, *escape room*, visita a unha granxa onde facían “sirope de arce”, visita guiada a Montreal, teatro e comida de despedida o último día de estancia na casa de Kari, unha das profesoras canadenses que nos deu a formación. Tamén asistimos a un partido profesional de *hockey*.

En canto aos dous fins de semanas libres, o primeiro puidemos visitar o Parque Natural de Gaitneau, en Quebec, onde desfrutamos dos cores do outono ao pe de preciosos lagos e o segundo as cataratas do Niagara, facendo noite na cidade de Toronto.



Conclusións

O obxectivo final do Piale é mellorar as nosas competencias lingüísticas en inglés, como profesores de seccións bilingües. A forma de levar a cabo este proxecto, xuntando a inmersión lingüística (todos os días dependes do inglés tanto para comunicarte coa familia como no posto de traballo no colexio), coa inmersión cultural, resultou ser unha experiencia moi valiosa e enriquecedora: á vez que melloramos o noso inglés aprendemos da experiencia educativa dun país que sempre está nos primeiros postos do informe Pisa, que avalía a calidade do ensino a nivel mundial.

Canadá ten unha historia moi rica e onde se da tamén o bilingüismo como en Galicia e a multiculturalidade está moi presente. É un destino perfecto para este tipo de programas.

E para rematar, dicir que o grupo de profesores galegos cos que tiven a sorte de ir a Ottawa e compartir experiencias, se ben proviñan de ámbitos diferentes ao meu (primaria, secundaria, formación profesional), tiñan moitas preocupacións parecidas ás miñas e ás do meu campo. Hai certas problemáticas do ensino que son similares en calquera especialidade, ou en calquera etapa da educación. Foi un pracer compartir esas horas de análise da situación da educación en Galicia e a súa comparación co que cada un de nós vivía no seu colexio canadense. A todos eles: eternamente agradecido por facer deste Piale unha experiencia inesquecible!

